



## **Informe relativo á atribución de puntuación e proposta de clasificación de ofertas na contratación administrativa para a subministración para a ampliación do espazo de almacenamento do CPD e servizo de mantemento**

O obxecto deste informe é o cálculo de puntuación obtida polas empresas concorrentes pola aplicación dos criterios de adxudicación avaliados por aplicación de fórmulas segundo as ofertas presentadas e realizar proposta de clasificación das ofertas en función da puntuación total obtida.

### **1. Criterios avaliados por aplicación de fórmulas**

Segundo o apartado 16 do cadro de especificacións do prego de cláusulas administrativas que rexe esta contratación, os criterios avaliados por aplicación de fórmulas serán os seguintes:

- a) Prezo: 40 puntos. Adxudicarase os puntos de acordo coa seguinte fórmula:

$$\text{Puntuación } i = 40 \times \frac{\text{Orzamento licitación} - \text{Oferta } i}{\text{Orzamento licitación} - \text{oferta máis baixa}}$$

- b) Incremento da capacidade de almacenamento: ata 11 puntos.

- SSD: 4 puntos. Ao licitador que ofrezca un maior incremento de capacidade asignaráselle 4 puntos. O licitador que non ofrezca incremento asignaráselle 0 puntos. Ao resto asignaráselle puntuación de xeito proporcional.
- SAS: 4 puntos. Ao licitador que ofrezca un maior incremento de capacidade asignaráselle 4 puntos. O licitador que non ofrezca incremento asignaráselle 0 puntos. Ao resto asignaráselle puntuación de xeito proporcional.
- SATA: 3 puntos. Ao licitador que ofrezca un maior incremento de capacidade asignaráselle 3 puntos. O licitador que non ofrezca incremento asignaráselle 0 puntos. Ao resto asignaráselle puntuación de xeito proporcional.

- c) Incremento do número de portos de fibra nos switches: ata 5 puntos. Ao licitador que ofrezca o maior número de portos asignaráselle a máxima puntuación, o resto puntuaranse de xeito proporcional.

- d) Incremento de portos activos de fibra nos switches: ata 5 puntos. Ao licitador que ofrezca o maior número de portos activos asignaráselle a máxima puntuación, o resto puntuaranse de xeito proporcional.

### **2. Ofertas presentadas**

Segundo a documentación presentada polas empresas remitida pola Mesa de Contratación, as ofertas presentadas polos licitadores é a seguinte:

**- Internacional periféricos y memorias España, s.l.**

Subministración: 82.236,44 €

Servizo (importe total para os catro anos): 13.310,00 €

Incremento da capacidade de almacenamento

SSD	0 TB
SAS	4,77 TB
SATA	12,4 TB

Incremento do número de portos de fibra nos switches	16 portos (8 portos por switch)
Incremento do número de portos activos de fibra nos switches	16 portos (8 portos por switch)

**- Sistemas avanzados de tecnología, s.a.**

Subministración: 59.142,73 €

Servizo (importe total para os catro anos): 8.911,01 €

Incremento da capacidade de almacenamento

SSD	<i>Realizado o cálculo en base 10 se proporciona un total de 720 GB e polo tanto un incremento sobre os 300 GB de 420 GB. Realizado o cálculo en base 2, se proporciona un total de 665 GiB e polo tanto un incremento sobre os 300 GB de 365 GB</i>
SAS	<i>Realizado o cálculo en base 10 se proporciona un total de 13,75 TB e polo tanto un incremento sobre os 10 TB de 3,75 TB. Realizado o cálculo en base 2, se proporciona un total de 12,5 TB e polo tanto un incremento sobre os 10 TB de 2,5 TB</i>
SATA	<i>Realizado o cálculo en base 10 se proporciona un total de 57,6 TB e polo tanto un incremento sobre os 39 TB de 18,6 TB. Realizado o cálculo en base 2, se proporciona un total de 52,39 TB e polo tanto un incremento sobre os 39 TB de 13,39TB</i>

Incremento do número de portos de fibra nos switches	<i>Cada un dos switches dispón de 48 portos, isto tradúcese en 32 portos de incremento por switch Facendo un total de 64 portos de incremento</i>
Incremento do número de portos activos de fibra nos switches	<i>Cada un dos switches dispón de 16 portos licenciados activos. Non hai incremento do número de portos activos.</i>

### 3. Puntuación obtida polas empresas por aplicación dos criterios de adjudicación avaliados de forma automática por aplicación de fórmulas

Da aplicación das fórmulas ás ofertas presentadas nos respectivos sobres C resulta a aplicación da seguinte puntuación:

	Internacional periféricos y memorias España, S.L.	Sistemas avanzados de tecnología, S.A.
Prezo: (40 puntos)	8,40	40,00
SSD: (4 puntos)	0,00	4,00
SAS: (4 puntos)	4,00	3,14
SATA: (3 puntos)	2,00	3,00
Incremento do número de portos de fibra nos switches: (5 puntos)	1,25	5,00
Incremento de portos activos de fibra nos switches: (5 puntos)	5,00	0,00
<b>Puntuación segundo criterios avaliados de forma automática</b>	<b>20,65</b>	<b>55,14</b>

### 4. Puntuación total obtida polas empresas concorrentes

Procede agora calcular a puntuación total obtida polas empresas segundo os criterios de adjudicación, sumando a puntuación obtida segundo ambos criterios.

A puntuación atribuída ás empresas segundo os criterios de avaliación sometidos a xuízo de valor, se reflicten no informe técnico do Servizo de Tecnoloxías da Información de 16 de setembro.

A puntuación total obtida polas empresas concorrentes é a seguinte:

Empresa	Criterios sometidos a xuízo de valor	Criterios aplicables por aplicación de fórmulas	Puntuación total
Internacional periféricos y memorias España, s.l.	37,00	20,65	<b>57,65</b>
Sistemas avanzados de tecnología, s.a.	21,50	55,14	<b>76,64</b>

### 5. Proposta de clasificación de ofertas

Á vista das puntuacións obtidas propónse clasificar as ofertas na seguinte puntuación:

- 1º. Sistemas avanzados de tecnología, s.a.
- 2º. Internacional periféricos y memorias España, s.l.



## **6. Posible baixa anormal ou desproporcionada.**

Segundo a cláusula décimo segunda do prego de cláusulas administrativas considerárase, en principio, anormal ou desproporcionada a oferta que, concorrendo dous licitadores, sexa inferior en máis de vinte unidades porcentuais á outra oferta.

Analizado o prezo ofertado por ambas empresas, constatase que a oferta de Sistemas avanzados de tecnología, S.A. é un 28,08% inferior á presentada por Internacional periféricos y memorias España, S.L., polo tanto podería incorrer en baixa desproporcionada.

Ao tenor do apartado 7 da referida cláusula, no caso de que a proposición economicamente máis vantaxosa incorra en baixa anormal ou desproporcionada, darase audiencia ao interesado para que xustifique a valoración da oferta e precise as condicións desta, podéndose solicitar, se é o caso, os informes técnicos que se considere necesarios.

No caso de considerar que a oferta non pode ser cumprida como consecuencia dos valores anormais ou desproporcionados, a proposición será excluída da clasificación.

No caso de que o licitador que presentara a oferta economicamente máis vantaxosa conforme aos criterios de valoración, estando en baixa anormal ou desproporcionada, xustifique debidamente o importe ofertado, terá que constituír unha garantía polo importe do 5% do prezo de adxudicación, IVE excluído.

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2014.

Pedro Vila López  
Xefe do Servizo de Réxime Interior

Mesa de Contratación